

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A materia de Economía, impartida en 1º de Bacharelato, ten como principal obxectivo achegar ao alumnado ao coñecemento da realidade económica e financeira nun mundo globalizado e en constante cambio, marcado pola dixitalización e a globalización. A través desta materia, búscase proporcionar as ferramentas necesarias para que o alumnado comprenda o impacto das súas decisións económicas, tanto a nivel persoal como colectivo, e vexa como estas decisións afectan directamente a aspectos da súa vida cotiá, como o consumo, o aforro ou o mercado laboral, desenvolvendo unha visión crítica e responsable da contorna na que vive.

Vivimos nunha era de transformacións aceleradas, onde as novas tecnoloxías e a dixitalización non só están modificando a estrutura produtiva global, senón que tamén afectan á sociedade e ao medio ambiente. Este contexto xera novos retos económicos como a desigualdade, a pobreza, o envellecemento da poboación nos países desenvolvidos e a sostibilidade ambiental. É esencial que o alumnado reflexione sobre como as súas accións e decisións económicas inflúen na sociedade e no planeta.

A materia de Economía permite ao alumnado coñecer as dinámicas micro e macroeconómicas, comprendendo tanto o comportamento dos axentes económicos individuais como o funcionamento global da economía. Ademais, promove a análise dos fallos do mercado, as políticas económicas e os desafíos actuais, como a globalización e a revolución dixital, incentivando a busca de solucións innovadoras e sostibles a estes problemas.

O currículo estrutúrase en cinco bloques temáticos que cobren os principais aspectos da economía:

1. As decisións económicas: análise da realidade económica e da escaseza, así como das decisións individuais e colectivas que afectan á sociedade.
2. A realidade económica desde unha perspectiva microeconómica: coñecemento das ferramentas necesarias para entender o funcionamento do mercado, a oferta e a demanda, e os fallos do mercado.
3. A realidade económica desde unha perspectiva macroeconómica: estudo dos axentes económicos, o fluxo circular da renda e o desenvolvemento económico, así como os retos da economía global.
4. As políticas económicas: análise das intervencións do Estado, as políticas fiscais e monetarias, e o seu impacto no benestar social.
5. Os retos da economía española nun contexto globalizado: identificación dos principais desafíos económicos en España, como a globalización, a revolución dixital e a sustentabilidade do estado do benestar.

Esta materia non só está dirixida a aqueles estudantes que desexen continuar con estudos relacionados coa economía, senón tamén a aqueles que buscan unha cultura económica xeral que lles permita participar de forma activa e crítica na sociedade. O currículo fomenta o desenvolvemento de competencias clave como o espírito emprendedor, o pensamento crítico, a toma de decisións éticas e a capacidade de traballar en equipo.

Ao longo do curso, empregaranse metodoloxías activas que combinen a teoría coa práctica, facendo fincapé na análise de casos prácticos e no uso de ferramentas económicas que permitan ao alumnado desenvolver propostas que contribúan á mellora do benestar social. Así mesmo, prestarase especial atención á aprendizaxe de conceptos financeiros esenciais, como a planificación das finanzas persoais e a comprensión do sistema financeiro.

En resumo, a materia de Economía de 1º de Bacharelato prepara ao alumnado para enfrontarse aos desafíos económicos do século XXI cun enfoque crítico, ético e comprometido coa sostibilidade e a equidade, permitíndolles tomar decisións informadas que melloren a súa vida e a sociedade no seu conxunto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sustentables que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Economía: a ciencia das decisións.	Definición de economía. Necesidades, recursos e bens. A escaseza como problema económico básico. O custo de oportunidade e a necesidade de elixir. O estudo da economía: división entre micro e macroeconomía, e economía positiva e normativa. As posibilidades de produción. O crecemento económico. A economía condutual.	6	8	X		
2	A organización económica e os sistemas económicos.	Recursos, axentes e sectores produtivos. Os sistemas económicos. O fluxo circular da renda. A economía circular.	7	10	X		
3	A empresa e a produción.	Función de produción. Custos, ingresos e beneficios. Obxectivos da empresa. Tipos de empresas. A responsabilidade social da empresa.	7	10	X		
4	O mercado.	Mercado e participantes no mercado. Demanda e oferta. Equilibrio no mercado. Elasticidade-prezo.	7	10	X		
5	Tipos de mercado.	O mercado e a competencia. Competencia perfecta e monopolística. Oligopolio. Monopolio. Teoría de xogos.	7	10	X		
6	O mercado de traballo.	Demanda e oferta de traballo. Produtividade e salarios. Desemprego. Políticas de emprego. Evolución do mercado laboral.	8	12		X	
7	Indicadores e equilibrio macroeconómico.	A economía no seu conxunto. Macromagnitudes. Consumo, inversión e aforro.	9	12		X	
8	O papel do Estado.	Os fallos do mercado. O estado do benestar. Política macroeconómica.	7	10		X	
9	A política fiscal.	Política fiscal. Orzamentos xerais do estado.	9	12		X	
10	O diñeiro e o sistema financeiro.	O diñeiro. O sistema financeiro. Os intermediarios financeiros. Os produtos financeiros. O mercado de valores.	9	12			X
11	A política monetaria.	A inflación. A política monetaria.	9	12			X
12	O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea.	O comercio internacional. Libre comercio e proteccionismo. A balanza de pagamentos. O mercado de divisas. Cooperación económica internacional. A integración económica. A Unión Europea.	8	12			X
13	Retos da economía mundial	A globalización. As consecuencias do crecemento. Crecemento e desenvolvemento. Emigración. O desenvolvemento sostible.	7	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Economía: a ciencia das decisións.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade.	PE	70
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Distingue entre economía positiva e normativa.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.	TI	30
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Interpreta modelos simples da realidade económica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización económica e os sistemas económicos.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.	PE	65
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.		
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.	TI	35
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
3	A empresa e a produción.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio.	PE	80
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresa da contorna.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
4	O mercado.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan á oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.	PE	80
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
5	Tipos de mercado.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos.	PE	80
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identifica mercados de competencia imperfecta e valora os fallos no seu funcionamento.	TI	20
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.
- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
6	O mercado de traballo.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego.	PE	70
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza a evolución do mercado laboral. Valora políticas de emprego aplicadas ou a aplicar.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A fenda salarial.

UD	Título da UD	Duración
7	Indicadores e equilibrio macroeconómico.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico.	PE	80
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Calcula e interpreta o crecemento económico. Diferencia entre crecemento económico e desenvolvemento.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
8	O papel do Estado.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os fallos do mercado. Define política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.	PE	70
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Define estado do benestar e identifica diferentes modelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.		
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.	TI	30
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos de estado do benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
9	A política fiscal.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica as distintas políticas fiscais. Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e políticas fiscais aplicadas.	PE	80
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica as fontes de financiamento do déficit público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
10	O diñeiro e o sistema financeiro.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas.	PE	80
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

UD	Título da UD	Duración
11	A política monetaria.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza a repercusión das decisións económicas e valor os procesos de integración económica.		
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.	PE	80
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
13	Retos da economía mundial	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.	PE	30
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sustentable e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostenibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sustentabilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de ensinanza baséase na participación activa do alumnado, cun enfoque que fomenta a súa motivación e formación integral. Aínda que a memoria é unha ferramenta esencial en todo proceso de aprendizaxe, búscase superar o enfoque tradicional que limitou o seu uso ao simple almacenamento de información. O obxectivo é que o alumnado adquira competencias aplicables a situacións reais e cambiantes, integrando os coñecementos de forma práctica e significativa. Este enfoque promove a conexión interdisciplinar e favorece tanto o traballo colaborativo na aula como o traballo individual na casa.

O deseño metodolóxico segue os principios e orientacións pedagóxicas establecidos no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e adáptase ás características e necesidades específicas do alumnado.

A diversidade de recursos didácticos, tanto visuais, auditivos como verbais, permitirá unha presentación accesible dos contidos, e animarase ao alumnado a expresar os seus coñecementos a través de diversas formas de comunicación. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos accesibles será clave, asegurando que o alumnado domine as ferramentas necesarias para realizar as actividades propostas.

Cada unidade incluírá unha entrega de casos prácticos, onde o alumnado deberá redactar e entregar as súas tarefas de maneira telemática, destacando as vantaxes deste formato: mellor organización do traballo, acceso do docente en calquera momento para realizar un seguimento, e a posibilidade de realizar correccións máis áxiles e detalladas. Ademais, esta práctica contribúe ao desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado. Nestes casos prácticos, o alumnado deberá mostrar a súa capacidade para aplicar os conceptos aprendidos en situacións contextualizadas e resolver problemas con análise crítica e pensamento estratéxico. Así mesmo, realizaranse dúas probas escritas por avaliación, nas que o alumnado deberá demostrar o dominio teórico dos contidos. Cando corresponda, poderán incluírse preguntas de carácter práctico, nas que o alumnado deberá aplicar os seus coñecementos en situacións similares ás que se presentan nos casos prácticos.

Os obxectivos de cada tarefa estarán claramente definidos, e proporcionaranse guías que permitirán seguir o progreso desde a formulación inicial ata o resultado final.

A análise crítica será un eixo central, promovendo actividades de síntese que axuden ao alumnado a integrar e relacionar coñecementos. Ademais, fomentaranse a participación nos programas e proxectos do centro que desenvolvan competencias clave e aborden os elementos transversais.

Desde o inicio de cada unidade didáctica detallaranse os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. As actividades de avaliación axustaranse ás características do alumnado, activando diferentes recursos cognitivos e niveis de complexidade. A avaliación continua permitirá valorar o desempeño tanto individual como grupal, prestando especial atención á implicación do alumnado nas tarefas colaborativas.

Finalmente, ademais de informar sobre os erros cometidos e a puntuación acadada, a avaliación ofrecerá propostas de mellora. O alumnado terá dispoñibles rúbricas tanto para os casos prácticos como para as probas escritas, co fin de practicar a autoavaliación e a coavaliación.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial, recorrerase a ferramentas como a videoconferencia e a aula virtual para asegurar a continuidade da ensinanza.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizos de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.

Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.
Software específico libre: openoffice...
Libro de texto, se procede.

Para o desenvolvemento da materia utilizarase un espazo dixital de traballo que permitirá organizar de maneira eficaz os contidos de cada unidade didáctica. Este espazo funcionará como un repositorio de documentos, materiais elaborados polo profesor, enlaces a outros recursos dixitais de interese, e facilitará a comunicación entre o profesorado e o alumnado mediante foros e mensaxería. Tamén servirá como plataforma para a realización e seguimento de actividades de avaliación como tarefas, cuestionarios e probas.

En caso de que algunha circunstancia impida a presencialidade, poderíase empregar unha plataforma de videoconferencia, que facilitaría a interacción en tempo real co alumnado. A través desta ferramenta sería posible compartir contidos, realizar exercicios colaborativos e resolver cuestións en directo, garantindo a continuidade da aprendizaxe a pesar das dificultades que poidan xurdir.

Como parte do material didáctico, empregárase un libro de texto oficial da materia, que servirá de base para o estudo e complementará os apuntes e materiais elaborados polo profesor para cada unidade. Estes materiais proporcionarán unha guía sólida para a comprensión e a aplicación dos conceptos clave da materia.

Ademais, levaranse a cabo actividades de promoción da lectura centradas no ámbito económico, fomentando a análise crítica e a reflexión sobre temas actuais relacionados coa economía.

O alumnado participará tamén en proxectos e programas nos que está involucrado o centro, que están vinculados aos contidos da materia e fomentan o desenvolvemento de competencias clave e o traballo con elementos transversais.

O acceso á aula de informática poderá estar dispoñible en caso de que fose necesario para determinadas actividades que requiran o uso de ferramentas tecnolóxicas, favorecendo o desenvolvemento de competencias dixitais no alumnado.

Por outra banda, contamos cunha pantalla dixital interactiva (PDI) na aula, que facilita unha presentación dinámica e interactiva dos contidos. A PDI permitirá unha maior participación activa do alumnado, proporcionando un acceso máis visual e didáctico á información e facilitando a explicación de conceptos complexos de maneira máis atractiva.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso, co obxectivo de obter un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba oral, na que se presentarán aos alumnos unha serie de preguntas curtas relacionadas cos contidos e competencias clave da materia. Este enfoque permitirá avaliar de maneira áxil e directa o nivel de coñecementos previos e o grao de comprensión dos conceptos fundamentais por parte do alumnado.

O carácter oral da proba fomentará unha interacción máis directa co alumnado, permitindo a clarificación de dúbidas e ofrecendo a oportunidade de observar a capacidade de razoamento en situacións de comunicación verbal. As preguntas estarán deseñadas para proporcionar unha visión global do punto de partida do grupo, o que permitirá axustar o proceso de ensino ás características e necesidades do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	7	7	7	7	8	9	7	9	9
Proba escrita	70	65	80	80	80	70	80	70	80	80
Táboa de indicadores	30	35	20	20	20	30	20	30	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	7	100
Proba escrita	100	80	30	75
Táboa de indicadores	0	20	70	25

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase a partir de dous instrumentos de avaliación:

1. Proba escrita: cun peso específico para cada unidade.
2. Táboa de indicadores (casos prácticos): cun peso específico para cada unidade.

Distribución de pesos por avaliación:

- Primeira avaliación (unidades 1 a 5):
 - Unidade didáctica 1: a proba escrita representará o 70% da cualificación total e a táboa de indicadores o 30%.
 - Unidade didáctica 2: a proba escrita terá un peso do 65% e a táboa de indicadores o 35%.
 - Unidade didáctica 3: a proba escrita será o 80% e a táboa de indicadores o 20%.
 - Unidade didáctica 4: a proba escrita será o 80% e a táboa de indicadores o 20%.
 - Unidade didáctica 5: a proba escrita será o 80% e a táboa de indicadores o 20%.

A cualificación final da primeira avaliación calcularase como a media ponderada das cualificacións obtidas nas cinco unidades, tendo en conta os pesos indicados.

- Segunda avaliación (unidades 6 a 9):
 - Unidade didáctica 6: a proba escrita será o 70% da cualificación total e a táboa de indicadores o 30%.
 - Unidade didáctica 7: a proba escrita representará o 80% e a táboa de indicadores o 20%.
 - Unidade didáctica 8: a proba escrita terá un peso do 70% e a táboa de indicadores o 30%.
 - Unidade didáctica 9: a proba escrita será o 80% e a táboa de indicadores o 20%.

A cualificación final da segunda avaliación calcularase da mesma maneira, aplicando os pesos correspondentes para cada unidade didáctica.

- Terceira avaliación (unidades 10 a 13):

- Unidade didáctica 10: a proba escrita será o 80% da cualificación total e a táboa de indicadores o 20%.
- Unidade didáctica 11: a proba escrita representará o 100%, sen táboa de indicadores.
- Unidade didáctica 12: a proba escrita será o 80% e a táboa de indicadores o 20%.
- Unidade didáctica 13: a proba escrita terá un peso do 30% e a táboa de indicadores será o 70%.

A cualificación final da terceira avaliación calcularase da mesma forma, facendo a media ponderada entre as catro unidades.

Redondeo das notas parciais:

- Redondearase ao enteiro superior máis próximo cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 5.
- Redondearase ao enteiro inferior máis próximo cando a cifra decimal sexa inferior a 5.

A avaliación entenderase superada cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios de redondeo.

Cualificación final ordinaria:

A cualificación final da avaliación ordinaria calcularase como a media ponderada das avaliacións parciais, sen aplicar redondeo ata obter a nota global. No cálculo final, aplicarase o seguinte criterio de redondeo:

- Redondearase ao enteiro superior máis próximo cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 5.
- Redondearase ao enteiro inferior máis próximo cando a cifra decimal sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 en algunha das avaliacións terá a oportunidade de recuperar os contidos pendentes mediante as seguintes medidas:

1. Proba escrita de recuperación: ao comezo da seguinte avaliación, o alumnado será convocado a unha proba escrita que abranguerá os contidos específicos da avaliación non superada. Esta proba avaliará o conxunto de competencias e coñecementos relacionados cos temas pendentes, aplicando os instrumentos de avaliación previamente establecidos. Ademais, habilitaranse prazos para que o alumnado entregue as tarefas ou casos prácticos pendentes ou, no caso de ser necesario, repita aqueles non superados.

2. Proba final para avaliacións non superadas: o alumnado que non supere algunha avaliación parcial deberá presentarse á proba final escrita, que versará sobre os contidos das avaliacións suspensas. A cualificación da proba final, sumada á media aritmética das avaliacións parciais superadas, determinará a cualificación final da avaliación ordinaria.

3. Cálculo da nota final: a cualificación da avaliación ordinaria será o resultado da media aritmética ponderada entre as avaliacións superadas e as cualificacións obtidas na proba de recuperación. Non se aplicará redondeo ata a nota final, onde se aplicará o seguinte criterio:

- redondearase ao enteiro superior máis próximo cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 5.
- redondearase ao enteiro inferior máis próximo cando a cifra decimal sexa inferior a 5.

4. Actividades de reforzo e apoio: a partir do 5 de xuño, darase prioridade á realización de actividades de apoio e reforzo para o alumnado con materias sen superar, así como á preparación para as probas extraordinarias.

5. Proba extraordinaria: o alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que abranguerá a totalidade dos contidos do curso. Esta proba terá lugar en xuño, segundo as datas establecidas pola dirección do centro e conforme á Orde que aproba o calendario escolar. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. Para superar a materia, o alumnado deberá acadar unha cualificación igual ou superior a 5, aplicando o redondeo detallado previamente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este procedemento está destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado que, por cambio de modalidade, deba cursar a materia de primeiro como pendente, segundo o Artigo 30 da Resolución do 26 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

O alumnado que se matricule neste curso académico e teña materias pendentes de primeiro curso poderá recuperalas mediante un plan de traballo e avaliación que cubrirá os contidos da materia pendente. O plan de traballo será proposto polo departamento didáctico e incluírá os contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán Táboas de Indicadores (TI) e Probas Escritas (PE), aplicadas en dúas probas parciais:

1. Primeira proba parcial: versará sobre os seguintes contidos:
 - Bloque 1: Economía e escaseza. A organización da actividade económica.
 - Bloque 2: A actividade produtiva.
 - Bloque 3: O mercado e o sistema de prezos.
2. Segunda proba parcial: cubrirá os seguintes contidos:
 - Bloque 4: A macroeconomía.
 - Bloque 5: Aspectos financeiros da economía.
 - Bloque 6: O contexto internacional da economía.
 - Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unidade didáctica, mediante os instrumentos de avaliación especificados (Táboas de Indicadores e Probas Escritas).

O redondeo das cualificacións aplicarase do seguinte xeito:

- Ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

A terceira avaliación parcial calcularase como a media aritmética das cualificacións das avaliacións anteriores, sen aplicar redondeo. O alumnado superará a materia cando obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

No caso de que o alumnado non supere as probas parciais, será convocado a unha proba final. Esta proba cubrirá a totalidade dos contidos da materia e realizarase nas datas determinadas pola dirección do centro, en concordancia coa normativa vixente. A cualificación da proba final será o único elemento determinante da cualificación final, e aplicarase o redondeo xa mencionado.

A aula virtual será unha ferramenta clave para a proposta, seguimento, avaliación e recuperación da materia. Poderán programarse sesións de reforzo, tanto presenciais como telemáticas, fóra do horario lectivo, co obxectivo de facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes será responsabilidade da xefatura do departamento, en coordinación co profesorado que imparte a materia ao alumno ou alumna. Isto recóllese no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula o seguimento e a avaliación das materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade teñen como obxectivo proporcionar unha resposta adecuada ás necesidades educativas do alumnado, tal e como establece o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia.

No caso de ser necesario, adoptaranse as seguintes medidas:

Medidas ordinarias: dirixidas a adecuar o currículo ás características do alumnado sen alterar significativamente os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Estas medidas facilitarán a adaptación do ensino ás diferenzas en competencias, motivacións, intereses, relacións sociais e estilos de aprendizaxe. Entre elas, inclúense:

- Adecuación da xestión da aula, promovendo a participación e o acceso aos recursos para fomentar a convivencia e a aprendizaxe compartida.
- Axuste da programación didáctica ás características do alumnado e ao seu contorno, aplicando os principios do

deseño universal de aprendizaxe para eliminar barreiras e garantir a accesibilidade.

- Emprego de metodoloxías colaborativas e aprendizaxe baseado en problemas (ABP): estas metodoloxías permiten adaptar a aprendizaxe ás distintas formas de traballo do alumnado, promovendo que aqueles con diferentes habilidades ou niveis de competencia poidan contribuír e aprender mediante a resolución de problemas reais. O traballo en equipo fomenta a integración de todos os estudantes, respectando os seus ritmos de aprendizaxe e ofrecendo apoio mutuo. Desta maneira, pódense atender as necesidades de aprendizaxe diversificadas e promover un ambiente inclusivo.
 - Adaptación dos tempos e procedementos de avaliación, proporcionando as ferramentas e recursos necesarios en función das circunstancias individuais do alumnado.
 - Reforzo educativo inmediato cando se detecten dificultades no progreso académico do alumnado.
 - Programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais, segundo establece a normativa vixente.

Medidas extraordinarias: destinadas a atender as necesidades educativas do alumnado con apoio específico que requiran modificacións significativas no currículo ou cambios na organización escolar. Estas medidas aplicaranse cando as ordinarias resulten insuficientes ou non adecuadas para o progreso do alumnado.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo inclúe a aqueles que presentan necesidades especiais, dificultades no desenvolvemento ou trastornos de aprendizaxe, entre outras situacións. Este alumnado poderá requirir apoios específicos e medidas adaptadas para facilitar o seu acceso ao currículo e a súa integración plena no proceso educativo.

Medidas como a flexibilización da duración do bacharelato están dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais, conforme á lexislación de Galicia, permitindo unha adaptación no seu itinerario académico cando sexa necesario.

A avaliación inicial permitirá identificar as necesidades específicas do alumnado, facilitando a adaptación das ensinanzas ao seu nivel e o axuste necesario para garantir unha progresión adecuada na súa aprendizaxe.

Na avaliación promoverase o uso de instrumentos flexibles e adaptados ás diferentes circunstancias do alumnado, garantindo unha valoración obxectiva que respecte as súas necesidades educativas, tal e como establece a normativa autonómica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X			X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero					X

Observacións:

Na materia, fomentarase o desenvolvemento de competencias transversais que aborden aspectos clave para a formación integral do alumnado. Promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos, aplicable a todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, fomentando o diálogo e o respecto mutuo.

Así mesmo, traballaranse valores fundamentais como a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, e o rexeitamento de calquera forma de violencia, incluíndo a prevención do terrorismo e a consideración polas vítimas do mesmo. Estes valores serán parte esencial da formación do alumnado, orientados a garantir unha participación activa e crítica na sociedade.

Prestarase especial atención á erradicación de comportamentos ou contidos que impliquen discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero. Fomentarase un enfoque inclusivo e plural que promova a igualdade de oportunidades e o respecto pola diversidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030 .	O alumnado poderá participar en proxectos e iniciativas que promovan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, como parte dun enfoque educativo comprometido co desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.	X	X	

Observacións:

O alumnado participará nas actividades complementarias organizadas polo centro que se consideren de valor para o seu desenvolvemento persoal e académico. Estas actividades poderían estar relacionadas cos contidos da materia ou orientadas ao desenvolvemento de competencias clave, promovendo o traballo colaborativo e a reflexión crítica. En todo caso, teranse en conta as necesidades e intereses do alumnado para garantir a súa implicación e participación activa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Metodoloxía empregada
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Medidas de atención á diversidade
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Clima de traballo na aula
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.

Outros

Procura a transparencia do proceso de avaliación.

Descrición:

De acordo coa normativa vixente, avaliarase tanto o proceso de aprendizaxe do alumnado como o propio proceso de ensino e a práctica docente. Para isto, estableceranse indicadores de logro que permitan reflexionar sobre os seguintes aspectos:

- A planificación e a adecuación dos contidos ao contexto do centro e ás características do alumnado.
- A motivación do alumnado durante o desenvolvemento das actividades.
- O uso e idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas para acadar os obxectivos.
- A coordinación entre o profesorado e o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- A adaptación das metodoloxías e procedementos ás necesidades de atención á diversidade.

Os indicadores de logro valoraranse cunha escala de 0 a 5, sendo 5 o máximo grao de cumprimento dos obxectivos propostos.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustar o proceso de ensino ás peculiaridades do grupo e de cada alumno/a.
- Comparar a planificación inicial coa súa execución real no curso.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva sobre o proceso educativo.
- Mellorar a comunicación e coordinación entre o equipo docente para asegurar a coherencia no ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso, revisarase a programación en base ás propostas de mellora recollidas na memoria do departamento do curso anterior. Estas reflexións permitirán axustar o desenvolvemento da materia ás necesidades actuais do alumnado.

O seguimento desta programación realizarase mediante a plataforma Proens ao final de cada unidade didáctica, onde o/a profesor/a documentará o progreso do alumnado e os resultados acadados. Ademais, nas reunións mensuais do departamento avaliarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as posibles dificultades atopadas. Se se consideran necesarias, poderanse introducir medidas correctoras para mellorar a eficacia do proceso de ensino-aprendizaxe.

As propostas de mellora que xurdan ao longo do curso serán recollidas na Memoria Final, co fin de introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas que se empregarán para avaliar o grao de cumprimento dos indicadores de logro incluírán:

- Diario de aula.
- Rúbricas de autoavaliación e coavaliación para valorar a consecución dos obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Outras ferramentas que se consideren axeitadas ao longo do curso.

9. Outros apartados